

ESA – módulo IV

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe mínimo
Identificar o tema e comprender a idea xeral e a intención comunicativa en diferentes textos (tanto orais como escritos) nos ámbitos persoal, social e académico. Distinguir as ideas principais e secundarias.	Identifica a intención comunicativa, o tema, a idea principal e as secundarias de textos dos medios de comunicación.
Diferenciar os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	Diferencia a información da opinión en textos xornalísticos.
Empregar pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	Fai resumos e esquemas dos contidos tratados.
Aplicar recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	Consulta o dicionario así coma fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos.
Incorporar ao seu discurso palabras novas do rexistro culto	Emprega un rexistro culto incorporando novas palabras.
Utilizar o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	Produce textos cun rexistro adecuado ao tipo de situación comunicativa.
Producir, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia.	Elabora currículos ou videocurrículos, cartas de presentación e instancias cun mínimo de corrección.
Aplicar as regras ortográficas e as normas morfosintácticas correctamente con axuda de correctores, dicionarios e gramáticas.	Respecta e aplica as normas ortográficas e morfosintácticas do galego e do castelán cun mínimo de corrección.

Revisar os seus textos para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación .	Revisa os seus textos.
Usar un léxico amplo e preciso nas súas producións orais e escritas.	Amplía o seu vocabulario tanto en galego coma en castelán.
Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	Puntúa cun mínimo de corrección os seus textos.
Xustificar argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.	Identifica a estrutura de textos propios e alleos.
Recoñecer interferencias fonéticas, morfosintácticas e léxicas habituais entre as dúas linguas oficiais.	Recoñece interferencias habituais entre o galego e o castelán .
Ler autonomamente obras ou textos representativos das literaturas galega e castelán, resumir o seu contido,e sinalar os seus trazos máis característicos.	Le fragmentos ou obras representativas da literatura galega e castelá e é quen de resumir e interpretar o seu sentido.
Identificar as categorías gramaticais, co fin de utilizar máis conscientemente a lingua e mellorar a súa competencia lingüística.	Identifica as categorías gramaticais.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Observación do traballo telemático do alumnado. Análise das producións dos alumnos. Intercambios orais e escritos cos alumnos. Rúbrica dos diferentes niveis de logro.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Rexistro persoal do traballo realizado polo alumnado. Recollida telemática das actividades. Gravacións do alumnado. Cuestionario telemático de elección múltiple, simultaneado cunha videoconferencia, para avaliar o libro de lectura voluntaria.
Cualificación final	<p>O punto de partida é considerar que se van avaliar os dous trimestres do 4º curso.</p> <p>1. A primeira avaliación, que foi presencial e a segunda avaliación, telemática, farán media.</p> <p>2. Ponderación do traballo realizado no segundo trimestre: Para obter a nota da segunda avaliación teránse en conta todos os traballos realizados. Avaliaránse segundo o seu grao de corrección e tendo en conta a entrega en prazo. As actividades entregadas fora de prazo, sen xustificación, teránse en conta, pero sumarán a metade do que sumarían se fosen entregadas en prazo. Ao igual que tiñamos fixado na Programación anterior, darase a oportunidade ao alumnado de subir a nota ata 0,5 puntos máis realizando unha lectura voluntaria. Neste caso será a lectura da obra dramática en galego, <i>Os vellos non deben de namorarse</i> de Castelao ou do conto “A lingua das bolboretas” de Manuel Rivas.</p> <p>3. O alumno ou alumna superará a materia se se dan as seguintes circunstancias:</p> <p>A) Se a media da 1ª é 5 ou máis de 5, faise media coa nota acadada na 2ª avaliación, sempre e cando non lla baixe.</p> <p>B) Se a media da 1ª é menor de 5, o alumno pode recuperar a materia se facendo a media co traballo da 2ª avaliación ten un 5 ou máis de 5.</p> <p>C) Se a nota media da 1ª e 2ª avaliación non chegase a 5, pero a nota da 2ª avaliación é 5 ou mais de 5, o alumno recuperará a materia con un 5.</p> <p>A nota final acadada suporá o 70% da nota final do Ámbito de Comunicación, o 30% restante aportarao a parte correspondente a Lingua Inglesa.</p>
Proba extraordinaria de setembro	A proba de setembro limitarase aos estándares de aprendizaxe traballados nas clases presenciais e reforzados telematicamente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>AS ACTIVIDADES DE REFORZO , REPASO E RECUPERACIÓN serán variadas e atenderán a todos os estándares vistos na primeira avaliación :</p> <p>Lecturas e resumos de textos representativos da literatura castelá ou galega, resumo de vídeos expositivos, exercicios de identificación de interferencias habituais entre as dúas linguas, traducións respectando as normas ortográficas e morfosintácticas de cada lingua, actividades de acentuación y puntuación, exercicios específicos para mellorar a ortografía, elaboración dun vídeocurrículo, actividades de identificación dos elementos obxectivos e dos subxectivos nos textos xornalísticos, clasificación de textos xornalísticos segundo a intención comunicativa</p> <p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN: A lectura voluntaria da obra <i>Os vellos non deben de namorarse</i> de Castelao ou do conto "A lingua das bolboretas" de Manuel Rivas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Tras comprobarse, no momento actual, que todo o alumnado de 4º de ESA dispón de conectividade, as actividades deseñadas van dirixidas a todo o conxunto, sen facer distincións.</p> <p>O modo de proceder pola docente é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">• Os luns envíanse por correo electrónico as tarefas a realizar durante a semana en curso . Trátase de apuntamentos, actividades e vídeos explicativos . Márcase un prazo de entrega que varía dependendo da complexidade da actividade a realizar, pero adoitar ser dunha semana.• O alumnado entrega capturas do traballo realizado a través do correo electrónico, que son revisadas e cualificadas pola profesora. Nalgúns casos , o máis efectivo semella que é a autocorrección e por iso, envíase un solucionario para que o alumnado realice el mesmo a corrección e, o que parece máis importante, a reflexión sobre os seus erros, que ten que volver a mandar á profesora para a súa supervisión.• As dúbidas particulatres son atendidas pola mesma canle, pero a maiores, dependendo da materia traballada realízanse videoconferencias cunha periodización variable .
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• Fichas preparadas pola docente, con marcos teóricos e exercicios, extraídos dos materiais editados pola Xunta para o ensino de persoas adultas, facilitados pola docente antes do confinamento.• Vídeos explicativos e textos seleccionados pola docente.• Dicionarios e enciclopedias online. Obras de lectura .• Páxinas web con actividades interactivas.• Ordenador ou tablet con conectividade e, na medida do posíbel, cámara para facer as videoconferencias. Teléfono móbil para as gravacións orais. Conta de correo electrónico operativa.• Para as videoconferencias utilizaráse a plataforma Cisco Webex.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información sobre os cambios realizados na Programación realizaráse: 1. Nas videoconferencias co alumnado. 2. Por correo electrónico.
Publicidade	Páxina web do instituto: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/